

VIERNES, 26 de marzo de 2010

Os arquivos da destrución

D. S. | 26 MAR 2010

Archivado en: [Narrativa](#) [Literatura](#) [Cultura](#)

Se hai un poeta galego que se ocupe nos seus labores do "holocausto do rural", ese é Emilio Araújo (Coles, 1946). O rexistro da destrución dun mundo acha na obra de Araújo un dos seus arquivos maiores: en fotografías, en poemas -Pois é, Cinsa do vento- ou en relatos -Tempos serodios. Estes días rematou un volume a catro mans co poeta francés Claude Royet-Journoud (Lyon, 1941) no que recollen o rastro das esculturas de pastores na Serra de Queixa.

Araújo reside en Lalín, onde opera un monllo de poetas que, ao contrario da hexemonía repertorial da narrativa, funcionan coa vida fóra do entorno das cidades como materia. Celso Fernández Sanmartín (Lalín, 1969) refuga o progreso considerado como esmagamento de modos de vida hoxe non dominantes en títulos tales Propiamente son captivo. E Carlos Negro (Lalín, 1970) asómase a tensións semellantes no seu último libro, Cultivos transxénicos. En Héleris ou Far-west, amais, explora esa peculiar identidade rururbana que define a parte da mocidade vilega de Galicia.

O crítico Isaac Lourido detecta un outro tratamento dos mesmos motivos en poetas como Anxo Angueira ou o novísimo Xabier Xil. Val de Ramirás ou O valo de Manselle, do primeiro, transforman a vida cotiá do rural nunha épica colectiva á que se pode adscribir o Xil de Cando menos a derrota. Nese campo pode xogar A ponte da poldras: Chus Pato reconstrúe o traxecto negado dunha estirpe de mulleres labregas na Limia.